## VI. ANUNCIOS

## B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

## CONCELLO DE CAMBADOS

*ANUNCIO de información pública da modificación puntual número 9 das normas subsidiarias municipais.*

O Pleno do Concello de Cambados, en sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2017, aprobou inicialmente e por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación a modificación puntual nº 9 das normas subsidiarias municipais do Concello de Cambados, con base no documento elaborado polo arquitecto Antonio Espinosa Murias, do 11 de xaneiro de 2017, e proceden á suspensión das licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición en solo clasificado como de núcleo rural, polo prazo de dous anos contados desde a aprobación inicial, ou á extinción, en calquera caso, coa aprobación definitiva, cando as novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

O que se somete, de conformidade co disposto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, á información pública durante dous meses contados desde a publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

O expediente pódese consultar no Departamento de Urbanismo, de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas. Así mesmo, o expediente está á disposición no seguinte enderezo web: www.cambados.gal.

Cambados, 10 de febreiro de 2017

Fátima Abal Roma
Alcaldesa

CVE-DOG: fqcs1fb4-c1h9-7fz0-uik8-uizeyaq6nu11


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia